

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 1 DE MARZO DO 2012
--

Hora de celebración: 19:00 horas

Lugar: CASA CONSISTORIAL DE O BARCO DE VALDEORRAS
--

Tipo de Sesión: ORDINARIA

Convocatoria: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE- PRESIDENTE:

D. ALFREDO L. GARCÍA RODRÍGUEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. EDUARDO OJEA ARIAS

D. MIGUEL NEIRA OJEA

D^a NATALIA ÁLVAREZ DIÉGUEZ

D^a. M^a. MERCEDES ANA MOLDES ARES

D. LUIS V. ARIAS FERNÁNDEZ

D. AURENTINO ALONSO ARAÚJO

D. JULIO FERNÁNDEZ ARIAS

D^a M^a IRENE DACAL FEIJOO

D. MOISÉS BLANCO PARADELO

D. ARSENIO MOLDES GÓMEZ

D. CARLOS JAVIER CRESPO DÍAZ

D^a NIEVES RODRÍGUEZ VOCES

D^a M^a ESTELA DELGADO FERNÁNDEZ

D. ANTONIO MELO GARCÍA

D^a MANUELA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

D. VITOR MANUEL SIERRA NIEVES

SECRETARIO ACCTAL:

D. JOSÉ DE LIS SANTOS-ASCARZA

Na Casa Consistorial de O Barco de Valdeorras, o un de Marzo do dous mil doce, sendo as dezanove horas, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **D. ALFREDO L. GARCÍA RODRÍGUEZ**, reúnese no Salón de Sesións a Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Sres/as arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Acctal Sr. De Lis Santos-Ascarza.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto, realizada coa antelación regulamentaria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e orde do día, no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

Di o Sr. Presidente que <<antes de comenzar el Pleno lógicamente que conste en Acta el sentimiento y el pesar de la Corporación por el fallecimiento ayer de un funcionario municipal, Avelino Rodríguez, y tengo que decir que yo creo que fue un excepcional funcionario de este Ayuntamiento, y lo digo con todo el sentir y con todo el corazón, era un funcionario que siempre tenía clara su función, valga la redundancia, que era resolver los problemas de los vecinos que venían al Concello con problemas y que siempre entendió que tenía que esforzarse al máximo para encontrar una solución a ese problema, luego la habría o no la habría y si no la había pues no la había pero evidentemente su interés máximo siempre fue resolver los problemas y por lo tanto creo que es una grandísima pérdida para el Concello y, desde luego, para su familia, por lo tanto que descanse en paz. Bueno, como es lógico hablo en nombre de toda la Corporación.>>

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para decir *“coincide su intervención con lo que yo tenía también pensado decir, no solo en el aspecto personal, que eso me lo guardo, sino que en los años que llevo aquí tengo que decir que siempre ha demostrado ser un Técnico muy resolutivo que desde luego antes de decir que no a la resolución de cualquier expediente pasaba por catorce o quince posibilidades alternativas y desde luego creo que eso es digno de valorar, una carrera profesional que se terminó justo al borde de la jubilación, por tanto me sumo a sus palabras.*

Sí quisiera aprovechar esto para hacerle un ruego, quizá para debatirlo o no más adelante, creo que cuando acontece el fallecimiento de un trabajador, a mi me da igual si es funcionario o si es personal laboral, creo que se puede estudiar algún tipo de....bueno, pues a lo mejor, como sentimiento de dolor, porque es un empleado, sea del departamento que sea, quizás las banderas pueden estar pues a media asta durante un día.

También le pido que para futuras ocasiones pues que a mi me gustaría que me llamase como Portavoz del PP, porque bueno a lo mejor hoy no pero en otros casos hubiese sido la conveniencia de aplazar el Pleno u otro tipo de medidas que nosotros hubiésemos visto de buen agrado.

Seguro que todos estaríamos de acuerdo en aprobar una Moción prohibiendo que se muera la gente tan joven en este pueblo, pues desde luego O Barco está pasando una temporada complicada.

Nuestro cariño y nuestro ánimo para la familia y para todos los Funcionarios que hoy están visiblemente afectados.”

Procédese de seguido á deliberación sobre os seguintes asuntos inseridos na Orde do día.

A.- PARTE RESOLUTORIA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA-BORRADOR DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA O DÍA 2-FEBREIRO-2012.-

Pregunta o Sr. Alcalde-Presidente se existe algunha observación que facer á acta da sesión anterior, correspondente á celebrada o día 2 de Febreiro de 2012.

Sen que se formulase ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos dezasete membros presentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE, EDUCACIÓN E SERVIZOS, DA MEMORIA DA PLANTA DE COMPOSTAXE .-

Di o Sr. Alcalde que <<ten a palabra o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, Aurentino Alonso.>>

“Boas tardes a todas e a todos, –di o Sr. Alonso Araujo- o pasado Luns celebrouse a Comisión na que se tratou o tema do ditame que estamos agora a tratar aquí no Pleno e un pouco quero facer unha pequena reseña histórica de todo o procedemento, de cómo se está levando a cabo, pois para que todo o mundo que non está na Comisión pois poda ter coñecemento do mesmo.

Ó ser unha prestación dun servizo de competencia municipal pois ten que ter unha tramitación a través dun expediente que acredita a conveniencia e oportunidade desta medida. Houbo unha designación dunha Comisión de Estudio que elaborou a Memoria, a memoria que se presentou na Comisión o pasado Luns, esta Comisión pois estaba formada por este Concelleiro, pola Técnico de Medioambiente Municipal e por dous Técnicos da Deputación de Ourense. O traballo fuerte de ordenación de todo o que é a Memoria levouse desde a propia Deputación, o Ingeniero, que a verdade é que hai que felicitalo polo traballo feito porque ó ser este un tema pois bastante innovador, bastante novedoso, non había moita documentación, e digo que hai que felicitarse tanto ó Ingeniero, a Javier

Bobe, como a María Sabas Álvarez, a xefa do Negociado de Calidade e de Avaliación Ambiental da Deputación, polo traballo feito.

Entonces, bueno pois na Comisión levouse esta Memoria, que consta dun preámbulo, diríamos, e despois dun Regulamento de funcionamento e toca hoxe no Pleno pois dalgún xeito revalidar esta Memoria que na pasada Comisión foi aprobada por cinco votos a favor do Grupo Socialista e catro abstencións dos Grupos Popular e do BNG.

*¿Qué se trata de facer con esta iniciativa?, pois poñer en valor a planta de compostaxe que temos en Viloira. A planta de compostaxe sabedes todos que está colindante co Punto Limpo, fíxose unha inversión bastante importante fai uns anos, tanto no propio espacio, dotando o propio espacio con infraestructuras, como dunha maquinaria que alí está; esa planta estivo sendo levada por Asfaval durante un tempo, por motivos alleos ó Concello pois a planta ultimamente non estaba en funcionamento, entonces pois decidimos que sería conveniente poñer en valor todas esas instalacións. ¿En qué vai a consistir esta instalación?, pois consistirá en valorizar tanto o que é o material de podas, o material de todas esas propiedades municipais, de xardíns, arboledas etc., como de propiedades privadas e aparte hai material que saldría dos restos da materia orgánica, dunha parte da materia orgánica que está indo aos contenedores verdes e que desde o contenedor verde vai a SOGAMA. Entonces do que se trata é de si podemos evitar que vaian a SOGAMA *x* toneladas desta materia orgánica e ademais se aproveita para convertila nun produto, que sería o compost, o produto final que saldría da propia instalación, pois canto mellor, entonces o que estaríamos é por un lado conseguindo non ingresarlle a SOGAMA unha cantidade de diñeiro que é a que paga o Concello por tonelada que se envía a SOGAMA, e por outro pois estaríamos conseguindo un beneficio, unha rentabilidade da instalación.*

Esto vai a ser un procedemento aberto, un procedemento público, totalmente aberto, aquí pode participar calquera empresa que o considere oportuno, e desde o propio Concello do que se trata é, repito, de poñer en valor a propia instalación. Por parte do Concello temos unha nula experiencia neste tipo de instalacións por eso se tratou de sacar a concurso público e non se vai a xestionar desde o propio Concello con persoal municipal; hai empresas privadas que teñen experiencia neste tipo de actividades, estuvemos tratando de localizar algunha planta en España similar á nosa e o único que atopamos foi en Amurrio, na provincia de Álava, algo parecido, é unha localidade duns 10.000 habitantes, puxémonos en contacto con eles pero están na mesma situación que nós, eles durante un tempo tamén a estiveron levando a nivel municipal pero non conseguiron poñela en funcionamento, diríamos que fora rentable. Entonces pois é algo innovador, é algo, repito, pionero, hai grandes plantas

deste estilo pero que son xa plantas industriais nas que se xestiona ó cabo do ano moitos miles de toneladas, que non é o noso caso.

*O que é o informe, neste caso, do Secretario, pois é un informe desfavorable, un informe desfavorable por unha única cuestión, porque a nivel do aspecto financeiro evidentemente non está perfectamente estudado porque non hai nada comparable para poder dicir *bueno, pois isto vai a ter estes custos reais e vai a ter estas rentabilidades, etc...*, entón o único aspecto financeiro que teríamos aquí para valorar é un pouco a cuestión desa cantidade que en función das toneladas que se deixen de ingresar, se deixen de enviar a SOGAMA, se lle van a abonar á empresa adxudicataria, e planteouse unha cantidade que está ó redor do que sería o 60%, inicialmente o que vai a aparecer nos Pliegos un 60% do prezo que lle pagamos a SOGAMA e abonaríaselle á propia empresa que xestionaría este servizo. Eso sería o máximo, de aí para abaixo cada empresa que se presente ó concurso poderá facer unha baixa que eso redundará nos puntos que están así perfectamente especificados nos Pliegos. Logo a parte da propia licitación pois hai unha serie de puntuacións a maiores que dalgunha forma servirían para determinar quen sería o adxudicatario, unha memoria técnica, un proxecto de explotación, un plan de comercialización, plan de integración social, neste plan de integración social o que se trata é de que a empresa adxudicataria pois poida chegar a algún tipo de arreglo, de convenios, de contratos, con algunha asociación de minúsculos non xa da Comarca, porque non podemos centralizalo solo no Barco ou na Comarca, porque ten que quedar aberto a calquera asociación que queira ou que poida colaborar coa propia empresa, entón eso queda aberto e hai uns puntos, dous puntos concretamente, e logo pois daríanselle outras puntuacións pois por melloras, por interese educativo, campañas educativas, etc.,....*

Bueno, en resumo, do que se trata, repito, é de poñer en valor esa planta que temos aí, de que pode participar calquera empresa que estea constituída legalmente e que cumpra os requisitos que se especifican no Pliego de Condicións e que isto vai a estar aberto a todo tipo de empresas, repito, que queiran participar.

O seguinte paso que temos que dar, si isto se aproba aquí no Pleno, estará a exposición pública durante un mes e logo terá que vir a outro Pleno para unha aprobación definitiva.

De momento nada máis, non sei si hai algunha pregunta....”

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir “pois si, hai varias cuestións que queremos plantear desde o PP e a primeira é dicirlle que nós desde logo estamos a favor e apoiaremos sempre a utilización de medidas en canto á utilización de enerxías renovables e a recollida selectiva, hai que seguir fomentando e sobre todo gustoume moito eso que

dixo, quizá é o máis importante, que hai que seguir traballando moito na formación e na información precisamente para que esto chegue a todos os fogares e realmente sexa un tema que estea sensibilizado, porque de pouco vale facer o proxecto si despois as familias realmente non teñen ese sentimento de querer reciclar, de estar comprometidos co Medioambiente e dalgunha forma comprometidos tamén cunha forma de vida saudable, cunha xestión de residuos tamén saudable.

*Aínda que se trate, vamos a decir, dunha estación experimental, como tamén recorda o propio Prego de Condicións, penso que nós botamos en falta ese estudio económico e vou a decir que por varias razóns, por un lado porque se pode facer, eu penso que tendo en conta agora mesmo, aínda que leve un pouquiño de tempo, tendo en conta a cantidade de volume, que seguramente vostede como Concelleiro responsable terá ou senón llo facilitará a empresa, o volume neste caso de residuos orgánicos, tendo en conta tamén o volume que temos en cuanto a xardíns, restos de maleza, etc., que tamén se pode facer unha estimación, eu penso que eso pode axudar para facer desde logo un pequeno, vamos a decir, un estudio orientativo do que supón, porque estamos falando de que o Concello dalgunha forma, e que a min paréceme ben, vai a recibir si esto resulta ben, un aforro indirecto porque si estamos pagando *x* euros agora mesmo co tratamento e o transporte a SOGAMA destes restos e despois podemos facelo aquí evidentemente o Concello vai ter un aforro, por tanto tamén sería importante saber de qué estamos falando, e aínda que sexa, insisto, algo novedoso, nós apoiamos a idea, non podemos obviar este estudio económico que evidentemente é motivo para un informe desfavorable dos Servicios neste caso de Secretaría. Entonces, nós o que pedimos é que eso se aporte nestos trinta días, nós estamos de acordo con esta xestión insisto, pero nós hoxe non podemos votar a favor, nós vamos a votar en contra desta Memoria porque nós o que pretendemos, xa llo digo Sr. Concelleiro, nós vamos a presentar unha alegación nese período pedindo precisamente que se presente ese estudio, hai posibilidades de facer ese estudio, non creo que leve moito tempo facelo e polo tanto eso podería dar uns números orientativos de cómo vai a ser esa xestión, houbo outros proxectos no Barco, como foi a Piscina ou outras adxudicacións que tamén sabíamos e éramos perfectamente coñecedores de que poderíase presentar casi con déficit porque sabíamos que tiña seguramente unha difícil financiación económica pero presentouse igual estudos, números e demais, polo tanto eu penso que eso daría un apartado de seriedade a este proxecto que é novedoso e que desde logo a nós parécenos ben.*

Polo tanto nós queremos, Sr. Concelleiro, que neste prazo, xa lle digo que vamos a presentar esa alegación, de que nestos 30 días vostede fale cos técnicos, encargados, responsables, tanto municipais como da

Deputación de Ourense e podan aportar ese estudio económico pois que consideramos importante, como tamén o considera importante o Secretario deste Concello.”

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves para dicir “*boa tarde Concelleiras e Concelleiros. Unha vez máis asistimos á privatización dun servizo por parte dun Goberno que se presume de esquerdas. Desta volta o que lle solicitan á Corporación Municipal é que se aprobe un agasallo que este Goberno quere facer a unha empresa, un agasallo que non está atado a ningún canon e, por si fora pouco, este Concello vaille a dar diñeiro a esa empresa para que, como nos vende o Alcalde, a empresa nos faga o favor de xestionar algo tan deficitario para o Concello. A Planta de Compostaxe xa estivo a funcionar nun período de probas e segundo informes deste propio Concello non foi adiante, quizáis fixeron unha mala xestión e antes de decidir regalarllo a unha empresa deberían ter feito máis probas de explotación. ¿Qué problema, por exemplo, habería en contratar un técnico municipal para a xestión desa planta e seguir a colaborar cos colectivos vulnerables e asociacións?, para outras cousas menos necesarias ben que se convocan prazas. Cando se explicaba este proxecto nas Comisións falouse sempre da inclusión de ASFAVAL neste proxecto; o propio proxecto di, e cito textualmente, *se valorarán os criterios de adxudicación non só a incorporación de criterios medioambientais na contratación pública senón que as propostas inclúan factores de carácter social, como a perspectiva de xénero, o fomento de contratación de empresas de inserción (asociacións de discapacitados físicos) etc., sempre que se axusten aos principios de concorrencia, igualdade de trato e non discriminación...** a primeira discriminación faina este propio parágrafo ao citar claramente a discapacitados físicos e non a colectivos vulnerables en xeral, como poderían ser os discapacitados psíquicos, ademais non creo que sexa un tanto igualitario o feito de que o Alcalde fala dunha asociación en concreto e non de todas en xeral, pois saiba vostede Sr. Alcalde que hai outras asociacións que poderían estar interesadas, só ten que descolgar o teléfono ou mellor achegarse a elas, que non contaxian. Ó BNG gustaríalle saber qué interese ten o Alcalde en poñer en funcionamento a Planta de Compostaxe e sobre todo qué interese ten en privatizala e regalarlla por 10 anos a unha empresa; non se vai a aforrar nada e vostede sabeo, e por favor non nos minta máis aos barquenses e ás barquensas.

Sumado a todo esto hai un informe desfavorable do Secretario e o BNG non pode apoiar outra tolemia da Alcaldía, desta vez a verdade é que nolo puxo bastante fácil á oposición, o Pleno pasado malinterpretou as miñas críticas que iban dirixidas ao Goberno e non aos técnicos, e chamoume maleducado, está na Acta, dicindo que poñía en evidencia aos traballadores deste Concello que tratan de facer as cousas o mellor

posible, cousa que eu non dubido, o que pon en evidencia aos traballadores deste Concello é vostede desatendendo os informes dos técnico e facendo autoritariamente o que quere. Saiba Sr. Alcalde que a veciñanza non vai a estar sempre pagando os erros e a grandilocuencia das ideas do seu Alcalde, a veciñanza xa está un pouco farta de pagar euro a euro as súas meteduras de pata, porque un bo día se lle ocorre empedrar un río e logo temos que pagar a multa e outro día dálle por agasallar a empresas desoíndo o que din os técnicos, é unha total falta de respecto, ¡xa está ben Sr. Alcalde!.”

Pide a palabra o Sr. Alonso Araújo para dicir “*contestándolle ao Sr. Blanco, o estudio económico evidentemente que se pretendeu facer, desde os propios Técnicos da Deputación ata a Técnica Municipal intentaron facer ese estudio económico, pero non é o mesmo facer un estudio económico de algo experimental, de algo que non existe no mercado, que facer un estudio económico dunha piscina, que te vas aquí a 50 km e tes oito ou dez piscinas ó redor para facer un estudio que che permita dalgún xeito chegar a unhas conclusións ó respecto, polo tanto é imposible, intentouse xa, os propios Técnicos xa o intentaron e non foi posible porque non hai datos ¿qué podemos?, podemos inventalos, sería sencillo inventalos, ó ano vamos a xestionar mil toneladas ¿e qué?, pero si logo non é certo eso. Aquí vai a haber un riesgo por parte dunha empresa, a que sea, que vai a ser adxudicataria de todo este asuntos e esa empresa, que posiblemente sean empresas que estean relacionadas co mundo da recollida do lixo, ou que non estean, non o sei, ou empresas que estean relacionadas co mundo medioambiental, con aspectos medioambientales, que dalgún xeito elas saberán como van a xestionar esto, nós desde logo desde o Concello non é sencillo e menos co persoal que temos. Entrando tamén co que plantea o Voceiro do BNG con respecto a esa contratación dun técnico municipal, ¡home! un técnico municipal podía ser contratado pero é que aparte, si vostede se leu a Memoria, a empresa que vai a ser concesionaria deste servicio vai a ter que facer unha forte inversión, porque aí non chega solo coas máquinas que temos e coas infraestructuras das que dispón, aí hai que invertir e evidentemente o Concello non está nestes momentos para invertir en algo que non sabe cómo vai a resultar e incluso para a propia empresa concesionaria eu imagino que esto vai a ser como unha pequena aventura, ver si é capaz de rentabilizar eso no período de tempo adecuado, entón non é solo o diñeiro que van a recibir desde o propio Concello por esas toneladas que deixemos de enviar a SOGAMA, que por certo eu penso que o agasallo non é para unha empresa, o agasallo si eso funciona vai a ser para o propio Concello, e o propio Concello vai a ter un aforro económico importante si deixamos de enviar unhas cuantías*

toneladas a SOGAMA, polo tanto o agasallo eu penso que é para o Concello.

Con respecto ao de ASFAVAL eu creo que simplemente se puxo como exemplo nalgunha xuntanza da Comisión pois porque había que poñer un exemplo dalgunha asociación da Comarca e ¿porqué se poñía de exemplo ASFAVAL?, porque foi a Asociación que estivo xa traballando no tema. A parte deso ASFAVAL é unha Asociación que ten unha estrutura de vehículos que dalgún xeito pois a poñía por diante doutras asociacións, pero non quere dicir que sea ASFAVAL ou non sei qué outra Asociación a que dalgún xeito vaia a ser a colaboradora da empresa concesionaria, desde logo no Pliego e na Memoria non aparece por ningún sitio que sea o Concello quén lle diga á concesionaria con quen ten que contratar ou conveniar o servizo de colaboración, por tanto eu penso que eso estaría fora de lugar.

Despois, con respecto a que non se vai a aforrar nada, pois evidentemente o que pretendemos é que se aforre. Eu creo que vostedes deberían dalgún xeito pois felicitarnos todos porque esta iniciativa se leve a cabo no Barco non se leve a cabo noutro Concello, que seamos pioneiros neste tipo de actuacións; é unha actuación medioambiental, é unha actuación que a larga vai a beneficiar ao Concello posiblemente economicamente ou esperemos que economicamente e tamén medioambientalmente, agora mesmo temos unha serie de produtos que son os que se están recollendo das podas, etc., que en moitos casos o único que se está facendo con eles é queimalos, bueno pois si esto o podemos rentabilizar e converter en compost pois cuanto mellor. Por certo, eu diríalle tamén unha cousa ao señor Voceiro do BNG, todas estas actuacións que leva a cabo este Grupo de Goberno desde que está gobernando este Concello sempre foron con luz e taquígrafos, sempre foron con luz e taquígrafos, vostede veí fantasmas por todos lados e eu penso que non hai fantasmas, hai transparencia e hai simplemente unhas ganas de facer cousas para que o pobo mellore e poñer en valor unhas instalacións, nada máis.”

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir “*brevemente. Mire Sr. Concelleiro, o estudio económico pódese facer solo basta con que vostede ou o Alcalde de a orde de facelo e seguramente témolo aquí en moi poucos días. Vostede falando, me imaxino que para tratar de argumentar, dixo antes na primeira contestación que lle facía ó Voceiro do BNG decía *en tal caso o agasallo será para o Concello*, non lle decía vostede *posiblemente beneficiará ao Concello*, polo tanto vostede ten os números na cabeza ou penso que os ten, pola forma que fala vostede ten que ter uns números porque poñendo todos os exemplos quere dicir que vostede está vendo esa rentabilidade que eu espero que sexa así, porque senón que*

sentido ten sacar neste caso servicios que sabemos que van a ser deficitarios, entonces ¿non se vai a presentar ninguén ou o que se presenta é parvo?, supoñamos que non, porque si é unha empresa intentará conseguir algún beneficio e o Concello, repito, paréceme ben que poda aforrar ademais de facer unha xestión dos residuos medioambientalmente saudables que desde logo poda aforrar cartos nesto e eu o aplaudo si quere e todas as felicitacións, pero hai que ser serios e hai que presentar uns números e vólvolle a insistir, vostede pode decir cuántas toneladas se recollen no Barco, cál pode ser a estimación que se pode facer e de aí saldrán uns números, e sempre podrá ser unha estimación, vamos a decir, de carácter medio, eu non lle vou a vir aquí a decir a vostede que é que vostede dixo que iban a recoller quinientos e recolle tal....non, si é unha estimación media, e así se pon, pois podemos facer unha idea de cál é o seu cálculo, porque insisto, eu sei que vostede, que ademais é unha persoa que se preocupa por estos temas, seguro que ten a súa composición de como pode resultar esto e seguro que se parou a pensar algún día que si de 14.000 habitantes colaboran tantos pois.....eu penso que seguro que o fixo, polo tanto que hai de malo en plasmar eso nun documento, nun informe que ademais estallo pedindo tamén neste caso a Secretaría do Concello no seu informe. Por tanto, nós con todo o respecto e valorando o positivo da acción, eu xa lle digo, nós non podemos votar hoxe a favor, e nós vamos a presentar esa alegación para tratar de conseguir que nese prazo de exposición, esos 30 días, pódase desde logo aportar ese estudio. Tamén lle digo, vendo a Memoria e o que se falou o outro día no tocante á recepción, tratamento e demais, claro decimos que teñen que ser residuos solo do Concello, todo aquilo de desbroce, evidentemente serán pois das rúas, das calles e dos camiños do noso Concello, pero claro estamos tan pegados uns aos outros, as desbrozadoras, unhas Brigadas a outras...é decir, ¿as Brigadas co Concello van a ter que levalos hasta alí, vai a facer todo ese transporte, presumo eu polo que poido máis ou menos saber, é decir, os restos orgánicos van a ter que levalos o camión da propia empresa de servicios ou vai a poñerse algún contenedor especial nas vivendas?, é decir ¿esas cousas terán coste ou non terán coste?, é decir, ¿habará algún traballador ou traballadores do Concello, Brigadas, que deixen de facer outras tarefas para facer eso?, pois eu creo que son temas que se poden tamén cuantificar e se poden explicar para evitar despois confusións e erros, penso que son temas importantes que hai que aclarar e desde logo, insisto, darlle seriedade, que independentemente que sea algo experimental pódese presentar pois con todos os documentos necesarios e todos os pasos a seguir regulamentariamente.”

Di o Sr. Alcalde <<por cerrar el tema, yo creo que evidentemente cada uno tiene derecho a decir lo que quiera, pero ha habido dos

Comisiones para este proyecto, yo asistí a la primera y sé lo que se dijo en la primera, en la segunda no porque no estaba, pero en la primera sí, y hay cosas que se preguntan aquí como posibilidad y se explicaron en la primera; los residuos orgánicos los va a recoger la empresa por los medios que estime convenientes, directamente a través de una Asociación o como sea, desde luego el Concello no va a recoger, ya lo digo, y en ningún sitio dice que el Concello recoja los restos orgánicos...>>

“Alcalde –di o Sr. Blanco Paradelo- non o pon pero....”

<<¿El documento –di o Sr. Alcalde- dice que el Concello recogerá los residuos orgánicos?, no>>

“Si me permite un segundo, –di o Sr. Blanco Paradelo- se fala de restos, de poda, de tal e de tal, unha Brigada si ten o seu camión non o vai a deixar eso alí...”

<<No, no –di o Sr. Alcalde- si me deja explicarme, porque usted hizo un planteamiento y yo le contesto. Evidentemente los restos de las Brigadas cuando los recogen en los diferentes sitios y están en el camión los llevarán allí, pero eso es lo que tienen que hacer, porque hay que sacarlos de donde se recogen, eso es una cosa y otra cosa es evidentemente cómo la empresa en su proyecto de gestión plantee por ejemplo a los particulares si se los va a recoger, si se los recoge allí, tendrá que poner un horario, todo eso queda al proyecto de funcionamiento que presentará la empresa. Segundo, con respecto a los números, estamos hablando de un aspecto administrativo burocrático, el propio Secretario dice en su informe, ya que a veces nos agarramos a los informes, y a veces los leemos, hoy voy a leerlos yo, dice **es precisamente en este punto donde sería conveniente una mayor profusión de la Memoria acompañada de un estudio de costes del servicio**, lo cual quiere decir, porque este tema se habló mucho...>>

“Pero continúe, continúe”, di o Sr. Blanco Paradelo.

<<Le continuo –di o Sr. Alcalde- hasta el final, que lo que viene después no cambia el tema **acreditativo de su adecuada financiación con los recursos mencionados, ya que uno de los aspectos fundamentales para acreditar la conveniencia del establecimiento de un servicio es su viabilidad económica**, y esto como lo hemos hablado hasta la saciedad...efectivamente nosotros hemos hecho un borrador de estudio económico pero era ficticio todo, era ficticio, porque no sabemos y ya he explicado cómo va a funcionar esto, en un principio vamos a hacer campañas en los Colegios para que sean los niños los que lleven a unos contenedores depositados en los Colegios los residuos orgánicos, pero ¿sabemos cuántos residuos hay en el contenedor verde?, lo sabremos estadísticamente, la empresa sabe que estadísticamente de cada kilo de basura pues orgánico es...yo qué sé, cien gramos, vale, pero ¿eso tiene algo que ver con que esos cien gramos los podamos recoger nosotros?, ¿el 50%

de eso lo vamos a recoger?, ¿el 10?, ¿el 20?, ¿el 5?, ¿el 1?, ¿nada?, no lo sabemos, realmente no lo sabemos, no sucedió esto cuando sacamos la Piscina que se citó aquí o la basura que no se ha citado, porque con la basura sabíamos los contenedores que había y sabíamos la frecuencia y sabíamos los kilómetros de calle que había, por lo tanto teníamos datos objetivos para sacar las cuentas y decir que esto cuesta tanto...¿que hay que hacer un proyecto?, lo hacemos y ¡ajo! es rentable, porque echaremos cuentas y tiraremos de hoja de datos hasta que diga que esto es rentable recogiendo 120.000 kilos al año, bueno pues ponemos 120.000 kilos al año y es rentable....pero no es real, no es real, tendremos un papel pero que no es real ni tiene ningún viso de ser real, solo cubrirá el expediente, por lo tanto estamos hablando de cubrir el expediente exclusivamente y por eso se dice en el Pliego o se dirá en el Pliego que ya está puesto incluso ahí más o menos, se ha dado toda la información, que cada empresa presente un estudio económico financiero que lo responsabilice e incluso yo he hablado con el Secretario porque efectivamente esto puede no funcionar y si no funciona ¿qué le hacemos a la empresa?, ¿la tenemos ahí 10 años perdiendo dinero?...habrá que liberarla del compromiso evidentemente y eso también lo hemos hablado, porque si hoy la empresa de recogida de basura con su proyecto y su dinero dice que no le es rentable y que se va nosotros podemos exigirle responsabilidades económicas por abandonar el servicio, pero evidentemente hemos hablado que habrá que poner algo en el Pliego para que en caso de que esto se demuestre que es inviable porque no recogemos residuos pues habrá que habilitar la posibilidad de liberarla porque no podemos castigar a nadie, porque estamos ante algo que no existe en ningún lado, si el problema es hacer ese estudio pues vale....., si no nos da ningún trabajo hacer ese estudio pero hemos querido ser responsables, nos parecía más responsable no presentar ningún estudio que hacer un estudio ficticio para cubrir el expediente, no ha habido más, ¿ustedes quieren presentar una alegación?, vale, tiempo tenemos, en dos días lo hacemos, ahora, será nada, es humo, que seamos conscientes que eso es humo porque no sabemos los niños que van a ir con la bolsa, evidentemente puntúa la campaña de sensibilización, de motivación, y eso se explicó en la primera Comisión, ¿cuál es el objetivo?, si esto funciona continuamos y ponemos contenedores en la calle para que la gente que no tengas niños en el Colegio pueda bajar también los restos orgánicos, esto es un proceso, ojalá funcione y que por cada contenedor que llenemos de orgánicos quitaremos uno verde de basura corriente, probablemente en la bolsa de la basura hay más orgánico. Quiero decir que a mi me parece bien, somos conscientes que falta ese documento pero explico porqué no se hizo, no se hizo exclusivamente porque nos parecía que era hacer algo ficticio, sin datos reales, y por eso consideramos que era más lógico no hacerlo que

hacerlo pero si al final decidimos hacerlo no hay ningún problema, porque repito, números echamos, es cierto que echamos números, pero claro hicimos las cuentas del *Gran Capitán* y eso es lo que quiero trasladarle, que no hay problema, que no hay nada, pero que eso aún será o no será, eso es lo que he querido concretarle a usted para que quede claro porque sino da la impresión de que intencionadamente no hemos querido hacer esto, sí pero sin otro objetivo que no fuera el de presentar un proyecto de cosas ciertas, pero vamos que no hay mayor problema.

Esto, evidentemente, tiene un plazo de exposición al público y tiene que volver a Pleno, vendrá al Pleno de Mayo, para que dé tiempo mientras se expone al público, en el Pleno de Mayo volveremos a hablar de estas cosas.>>

Pide a palabra o Sr. Alonso Araújo *“para decirle ó Sr. Blanco que sí que está recollido no Regulamento de Funcionamento, no artigo 7, que dice *Formas de recollida dos biorresiduos: Os residuos da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos serán recollidos pola empresa xestora*, está perfectamente delimitado quen vai a recollelos, está perfectamente xa recollido no propio Regulamento.”*

Sen máis intervencións, a Corporación por 9 votos a favor do PSOE e 8 en contra do P.P. e do BNG, adoptou o seguinte acordo.

-Vista a intención deste Concello, previa a acreditación da súa conveniencia e oportunidade, de contratar a xestión indirecta dunha planta de compostaxe, de conformidade cas competencias municipais outorgadas polos artigos 25.2 l) e 26.1 b) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local.

-Nomeada unha Comisión de estudo por Decreto de Alcaldía de 16 de febreiro de 2012.

-Vista a Memoria elaborada polo Comisión relativa aos aspectos sociais, técnicos, xurídicos e financeiros da actividade.

-Visto o Regulamento do Servizo incluído na Memoria.

-Visto canto dispón os artigos 25.2 l) e 26.1 b) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, 97 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local, 310 da Lei 5/1997 de Administración de Galicia e demais normativa de aplicación

ACORDAMOS:

1º.- A toma en consideración da Memoria relativa á conveniencia e oportunidade de contratar a xestión indirecta dunha planta de compostaxe.

2º.- Aprobar inicialmente o Regulamento do Servizo da Planta de Compostaxe e Recollida de Bioresiduos no Concello do Barco de Valdeorras.

3º.- Someter o expediente, Regulamento incluído, a información pública por prazo de 30 días hábiles mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense para a formulación de reclamacións e suxestións polos interesados.

MEMORIA DA COMISIÓN DE ESTUDO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA PLANTA DE COMPOSTAXE DE RESIDUOS VEXETAIS NO BARCO DE VALDEORRAS.

Sendo nomeada por Decreto de Alcaldía, de 16 de febreiro de 2012, unha Comisión de estudo da conveniencia e oportunidade da implantación dunha planta de compostaxe de residuos vexetais no Barco de Valdeorras, elabórase a presente Memoria relativa ós aspectos sociais, xurídicos, técnicos, financeiros e demais cuestións relativas ó servizo sinaladas no artigo 97 do TRRL (Real Decreto Lexislativo 781/1986).

A presente Memoria elabórase ca colaboración do Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación de Ourense, no marco da cooperación e asistencia técnica do organismo provincial cos municipios.

1.- Descrición xeral do proxecto e forma de xestión:

Preténdese a posta en marcha e explotación dunha planta municipal de compostaxe de restos vexetais, localizada na estrada da N-536 Ponferrada-Ourense, na súa marxe dereita en dirección Ourense. A continuación, móstrase a localización da planta reflectindo as coordenadas UTM (ED50):




FOTO Nº 1: Localización da planta de compostaxe de residuos vexetais

A **forma de xestión** da planta, tal e como despois se sinalará, á vista da falta de especialización e escasez de medios do Concello, será a xestión indirecta mediante **concesión**.

Na actualidade a planta, de propiedade municipal, localízase nunha parcela de 2.774,30 m² e consta das seguintes partes: unha zona con cuberta para almacén e garaxe, unha fosa de lixiviacións, a caseta ca electro-bomba, unha balsa de auga e unha zona en terra diferenciada en catro partes (todas a ceo aberto): a zona de amoreamento de restos vexetais, a zona de fermentación, a zona de maduración e xa no final do proceso unha zona de amoreamento de afino. Asemade, tamén dispón dun cerre do contorno e dun sistema de rega que permite te-la zona en condicións para o traballo e evita-la aparición de incendios. Por outra banda, o Concello poría a disposición do adxudicatario a seguinte maquinaria da súa propiedade:

- Trituradora móbil accionada mediante tractor (Pezzolato, S7000)
- Volteadora móbil accionada mediante toma de forza de tractor (Pezzolato, PRT 2500)
- Cribadora móbil accionada con motor eléctrico Pezzolato, Rotovaglio L3000)

O **obxectivo** principal do Concello do Barco ca posta en funcionamento desta planta de compostaxe é desfacerse de forma axeitada e correcta, tanto dende un punto de vista medioambiental como económico-social, dos restos de poda de xardíns e de zonas verdes municipais. Deste xeito asegúrase a limpeza das zonas de uso público e común e promóvese o tratamento dun biorresiduo (que segundo a Lei 22/2011, de xullo de 2011 defínese como: “*residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ó por menor, así como residuos comparables procedentes das plantas de procesado de alimentos*”) o cal permitiría cerrar o ciclo natural, pasando de ser un residuo a un abono natural.

Este proxecto **non terá canon** de concesión pero si dereito a recibir **subvención**, estando esta xustificada polo aforro que lle supón ó Concello ó non entrega-la materia orgánica recollida ó xestor actual. Pese ó anterior segue sendo interesante para o concello mecanismos que permitan desfacerse dunha fracción de materia orgánica procedente de colexios, centros médicos e restaurantes da zona, de xeito coherente ca liña estratéxica 3 para o desenvolvemento do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG 2010-2020).

Por todos estes motivos e pola escaseza de medios propios e a falta de especialización neste ámbito, proponse a xestión indirecta desta planta de compostaxe. Con base nisto, o licitador solicitará do Concello unha subvención igual ó número de toneladas de materia orgánica que en cada período de liquidación recolla selectivamente (e polo tanto retire do circuíto actual de RSU) valoradas ó prezo ofertado por debaixo do tipo máximo de licitación (que é o 60% sobre o prezo actual de entrega en SOGAMA, no momento no que se realiza a oferta para a procedemento de contratación desta explotación).

Para elo, o ofertante deberá asegura-la **recepción e tratamento** de tódolos residuos vexetais procedentes do mantemento e da conservación de estradas, equipamentos, dotacións, zonas verdes e espazos de titularidade municipal, así como os procedentes da actividade de mantemento de fincas e xardíns de titularidade privada localizados no termo municipal do Barco de Valdeorras. Asemade, tamén asegurará a **recollida** de materia orgánica procedente da separación selectiva en orixe de residuos sólidos urbanos e domésticos, sendo esta última clasificación a definida segundo a Lei 22/2011, de 28 de xullo de 2011, de residuos e solo contaminados, como: “*os residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considérase tamén residuos domésticos os similares ós anteriores xerados en servizos e industrias. (...) Tamén terá a consideración de residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e vehículos abandonados*”. Todo isto fixando como obxectivo primordial que o adxudicatario deberá asegura-la elaboración dun produto final que teña a consideración de compost segundo a lexislación vixente actual. Asemade, non deberá descoidar o feito de que se supón que para elo facilitará os medios materiais e técnicos necesarios (colectores de proximidade para a fracción de materia orgánica, camión para a recollida e transporte á planta destes residuos, ...) para asegura-la dita recollida. É importante expoñer, que en ningún caso o adxudicatario poderá recoller residuos doutros municipios, que non sexan do Barco de Valdeorras. No caso de detectarse e demostrar esta irregularidade, o Concello poderá directamente rescindir a entrega da subvención ao adxudicatario, podendo adoptar medidas mais extremas.

Por outra banda, este poderá ofertar diferentes propostas e melloras, que axuden a poñer en funcionamento a planta de reciclaxe de residuos vexetais. Entre as cales, por unha banda consideraríanse calquera proposta e/ou iniciativa de sensibilización e concienciación, incluíndo visitas, excursións ou charlas dende a rúa ou dende a planta empregando este lugar como unha aula didáctica, sobre as vantaxes da realización de compostaxe, orientadas a diferentes grupos sociais (receptores): comerciantes, industriais, escolares... Entendendo este último grupo como os receptores potenciais máis eficientes non só á hora de asimilar novos coñecementos, senón á hora de transmitir-la mensaxe a outros receptores (familiares, amigos...). Por outra banda, valorarase calquera obra ou instalación, complementaria ás existentes, así como actividades ou adquisición de bens ou inmobles que sexan necesarios ou axuden ao correcto funcionamento do proceso de compostaxe dos residuos vexetais, entendendo que estas melloras pasarán ó final do período da explotación a ser de titularidade municipal, propoñendo un prazo mínimo de amortización de dez anos.

Finalmente, no senso da **contratación** entendemos que se debe promover a contratación ecolóxica, ética e social. Polo que valorarase nos criterios de adxudicación non só a incorporación de criterios medioambientais na contratación pública senón que as propostas inclúan factores de carácter social, como por exemplo: a perspectiva de xénero, o fomento de contratación de empresas de inserción (asociacións de discapacitados físicos)... Os requisitos de carácter social deberán axustarse aos principios de concorrencia, igualdade de trato e non discriminación e a maiores esixirse a compatibilidade entre ambos criterios.

2.- Aspectos financeiros:

Trátase dun servizo a desenvolver inicialmente de xeito experimental polo que non existen datos de implementación procedimental nin económicos.

Para a adxudicación do servizo tomarase en consideración o estudo de custos da actividade presentado nas ofertas, co que poderemos verificar a viabilidade económica do proxecto e controla-la rendibilidade do servizo no futuro.

Como xa se indicou anteriormente os aspectos financeiros do servizo serán os seguintes:

1º.- Non se establecerá canon a pagar polo concesionario.

2º.- Non se establecerán tarifas a percibir por parte dos usuarios.

3º.- O concesionario será retribuído ca actividade económica derivada da comercialización do compost.

4º.- O Concello aportará ó concesionario por cada tonelada (t) de residuo orgánico que este recolla selectivamente como máximo o 60% do prezo actual que se abona a SOGAMA. O concesionario deberá licitar sobre a devandita porcentaxe que terá o carácter de máximo.

3.- Regulamento do Servizo:

REGULAMENTO DO SERVIZO DA PLANTA DE COMPOSTAXE E RECOLLIDA DE BIORRESIDUOS NO CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS

ÍNDICE DE ARTIGOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

ARTIGO 2. Definicións

ARTIGO 3. Obxectivos

ARTIGO 4. Responsabilidade

ARTIGO 5. Prestación do servizo

TÍTULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN

ARTIGO 6. Tipoloxía dos residuos

ARTIGO 7. Formas de presentación dos biorresiduos

ARTIGO 8. Xustificantes das pesadas

ARTIGO 9. Descrición das instalacións

ARTIGO 10. Funcionamento e xestión

ARTIGO 11. Horario

TÍTULO III. OBRIGAS E PROHIBICIÓNS

ARTIGO 12. Taxa por entrega dos biorresiduos

ARTIGO 13. Prohibicións dos depositantes dos biorresiduos

TÍTULO IV. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

ARTIGO 14 . Infraccións

ARTIGO 15. Potestade sancionadora e sancións

ARTIGO 16. Prescrición

DISPOSICIÓN FINAL

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

O obxectivo principal do Concello de O Barco coa posta en funcionamento desta planta de compostaxe é desfacerse de forma axeitada e correcta, tanto dende un punto de vista medioambiental como económico-social, dos restos de poda de xardíns e de zonas verdes municipais. Deste xeito asegúrase a limpeza das zonas de uso público e común e promóvese o tratamento dun biorresiduo (que segundo a Lei 22/2011, de xullo de 2011 defínese como: “*residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios y de cocina procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ao por menor, así como residuos comparables procedentes das plantas de procesado de alimentos*”) o cal permitiría cerrar o ciclo natural, pasando de ser un residuo a un abono natural.

O presente regulamento ten por obxecto establecer as condicións de funcionamento do servizo da planta de compostaxe e recollida de biorresiduos.

As instalacións actuais da planta de compostaxe son adecuadas para o tratamento dos restos biodegradables de parques e xardíns realizado ata o momento, aínda que mediante unha adecuada xestión empresarial preténdese optimizar o proceso e ampliálo á xestión dunha fracción dos residuos orgánicos xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos .

ARTIGO 2. Definicións

Aos efectos do presente regulamento enténdese por:

- **Planta de compostaxe:** instalación na que se efectúa a recepción e acumulación de biorresiduos que mediante o proceso de transformación adecuado convértense en compost.
- **Compost:** enmenda orgánica obtida a partir do tratamento biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente.
- **Biorresiduo:** residuo biodegradable de parques e xardíns, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes e servizos de restauración colectiva.
- **Reciclaxe:** a transformación dos residuos, dentro dun proceso de produción, para o seu fin inicial ou para outros fins, incluída a compostaxe.

ARTIGO 3. Obxectivos

Os obxectivos principais deste servizo son os seguintes:

- Fomenta-la recollida selectiva dos biorresiduos, a utilización de materiais reciclados e a súa posta no mercado.
- Aproveitar mediante un proceso industrial unha fracción dos residuos urbanos totalmente biodegradable para transformala en abono.

- Utiliza-lo compost producido a partir dos biorresiduos no sector agrícola, en xardinería ou en rexeneración de áreas degradadas en substitución doutras emendas orgánicas e fertilizantes minerais.
- Evita-lo vertido destes residuos en colectores non adecuados e as queimas dos mesmos.
- Promove-la integración de programas de educación ambiental en materia de residuos co fin de promover a colaboración da cidadanía para a redución e valorización dos residuos.

ARTIGO 4. Responsabilidade

A empresa xestora está obrigada a obter todas autorizacións e rexistros que sexan necesarios das administracións públicas para levar a cabo a actividade e cantas operacións accesorias o requiran.

Esta empresa adquire a titularidade dos residuos tratados na planta que destinará á produción de compost de calidade baixo o cumprimento da normativa específica nesta materia, e ademais deberá asegura-la adaptación deste produto final á evolución dos requisitos impostos pola normativa vixente e as esixencias do mercado existentes en cada momento.

ARTIGO 5. Prestación do Servizo

Para o funcionamento do servizo terase en conta que:

1. Na planta de compostaxe recibiranse e trataranse os seguintes residuos:
 - Restos vexetais procedentes do mantemento e conservación de estradas, equipamentos dotacionais, zonas verdes e espazos libres no municipio do Barco.
 - Restos vexetais procedentes do mantemento de fincas e xardíns de titularidade privada situados no municipio do Barco
2. Realizarase a recollida porta a porta dos residuos orgánicos xerados no municipio do Barco procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos habilitando para elo os colectores necesarios que se recollerán coa periodicidade que se estime oportuna para evitar problemas de salubridade.
3. En ningún caso se admitirán residuos perigosos de orixe industrial.

TÍTULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN

ARTIGO 6. Tipoloxía dos biorresiduos

Dentro da fracción de vexetais (restos de xardinería) son recomendables: restos de poda, herba de xardín, palla, follas, maleza, algas, flores e restos de plantas.

Dentro da fracción dos residuos orgánicos xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos diferéncianse as seguintes tipoloxías de residuos:

1. **Materiais recomendables para compost pola súa rapidez de descomposición:** restos de pan, mondas de patacas, froita, verdura, pousos de café, infusións e cáscaras de ovo.
2. **Materiais non recomendables:** carne e peixe, derivados do leite, alimentos que conteñan graxas, restos de aspiradora, mariscos, panos e papeis de cociña, la e fío natural, tapón de cortiza, restos de cereais e ósos de froitas.
3. **Materiais non utilizables:** excrementos, restos inorgánicos, plástico, vidro, cristal, papel e cartón, restos de aluminio, materiais orgánicos con sustancias contaminadas, cinza, cueiros, tecidos sintéticos, materiais non orgánicos e residuos perigosos.

O xestor da planta de compostaxe pode decidir reducir ou ampliar a lista de materiais recomendables sempre que a produción do compost se axuste aos estándares de calidade marcados pola normativa.

ARTIGO 7. Formas de recollida dos biorresiduos

Os restos de xardinería e podas poderán levarse durante o horario de apertura da planta tanto polo persoal de xardíns do Concello do Barco de Valdeorras como polos particulares do municipio.

Os residuos da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos serán recollidos pola empresa xestora baixo un estrito control na selección do material recollido e nas pesadas do mesmos antes da entrada na planta de compostaxe.

ARTIGO 8. Xustificantes da pesadas

A empresa xestora da planta ten a obriga de presentar ante o Concello do Barco a xustificación do peso dos residuos da fracción orgánica recollidos no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos a través de tiquets procedentes dunha báscula. Pesaranse exclusivamente os residuos da fracción orgánica recollidos no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos.

No sistema de control de pesadas implantado deben quedar claras as características técnicas da báscula de pesaxe, a información que recollerá documento que recolla as pesadas (vehículo, data, hora, pesada...) e a documentación acreditativa do correcto calibrado da máquina.

O concello poderá inspeccionar en calquera momento a correspondencia da fracción orgánica pesada co especificado nos tickets da báscula, podendo recoller das entidades colaboradoras na recollida selectiva a información necesaria para verificar a cantidade de residuos recollidos polos responsables da planta.

ARTIGO 9. Descrición das instalacións

Na actualidade a planta localízase nunha parcela de 2.774,30 m² e consta das seguintes partes: unha zona con cuberta para almacén e garaxe, unha fosa de lixiviacións, a caseta ca electro-bomba, unha balsa de auga e unha zona en terra diferenciada en catro partes (todas a ceo aberto): a zona de amoreamento de restos vexetais, a zona de fermentación, a zona de maduración e xa no final do proceso unha zona de amoreamento de afino. Asemade, tamén dispón dun cerre do contorno e dun sistema de rega que permite te-la zona en condicións para o traballo e evita a aparición de incendios.

A modo indicativo a planta conta coa seguinte maquinaria:

- Trituradora móbil accionada mediante tractor (Pezzolato, S7000)
- Volteadora móbil accionada mediante toma de forza de tractor (Pezzolato, PRT 2500)
- Cribadora móbil accionada con motor eléctrico Pezzolato, Rotovaglio L3000)

ARTIGO 10. Funcionamento e xestión

A xestión da planta inclúe tódolos procesos relativos ó funcionamento desta para acadar un produto final de calidade que cumpra as condicións marcadas pola normativa, desde a admisión na propia planta de restos de xardinería ou recollida do material in situ de residuos da fracción orgánica, ó control do proceso de compostaxe, e á comercialización do compost.

Inclúe o servizo de recollida dos residuos porta a porta da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos. Este será un servizo aplicable a centros que expresen o seu interese en participar no proxecto e que fagan unha separación axeitada dos restos de cociña para producir compost baixo a supervisión da empresa xestora da planta.

Será responsabilidade da empresa xestora o mantemento completo da edificación, vías interiores, alumeado interior, saídas de augas pluviais e residuais, cerramentos exteriores e cantos elementos integran na actualidade a infraestrutura e os que se instalen nun futuro.

Tendo en conta que este é un proxecto experimental, o sistema de xestión previsto neste regulamento poderá ser modificado se o funcionamento da planta non é o adecuado en canto a produción e venta do compost, características de salubridade e coidado medioambiental. Esta modificación farase sempre baixo a autorización do concello.

A xestión da planta de compostaxe débese facer conforme ás seguintes especificacións:

1. Á entrada do recinto, o persoal da planta informará ós usuarios sobre o lugar para realizar o depósito dos restos de xardinería, e se fose preciso colaborará no depósito dos mesmos.
2. Todas as entregas por parte dos usuarios serán anotadas polo persoal da planta nun libro de rexistro para control interno no que deben constar: verificación do residuo, tipo e cantidade que se deposita, identificación do usuario, teléfono de contacto lugar de residencia do mesmo e fecha de entrada dos residuos na planta.
3. A circulación no interior da planta farase respectando as quendas de entrada.
4. O acceso a planta estará totalmente prohibido a todo aquel que non faga a achega de residuos. Tamén se prohibirá a recuperación de materiais no interior das instalacións de calquera forma que non sexa a prevista no funcionamento da planta de compostaxe, sen a debida autorización.
5. Do mesmo xeito o persoal da planta deixará constancia dos seguintes datos: destino e data de retirada do produto final comercializado, número de visitas diarias, opinións dos usuarios, incidencias e reclamacións. Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos podan ser utilizados para outros fins que os propios do servizo. O Concello de O Barco poderá acceder a estes datos sempre que o estime conveniente co fin de levar un control estatístico do funcionamento da planta.
6. A empresa xestora realizará a comercialización do produto xerado de tal xeito que se garanta a suficiente rotación para que non existan zonas de almacenamento estacional na planta do compost.
7. A empresa xestora facilitará ó concello un informe anual completo da xestión, aportando propostas de actuación que poderían mellorar o funcionamento da planta e facendo as observacións que consideren oportunas. Toda a documentación xerada durante a explotación desta planta deberá ser arquivada (en formato papel e dixital) por un período de cinco anos.
8. O persoal da planta emitirá, a petición do usuario que o solicite, un xustificante de recepción dos residuos admitidos nas instalacións.
9. A comunicación e a sensibilización ambiental son elementos que se deben ter en conta na xestión da planta.
10. A empresa xestora deberá aplicar na prestación dos seus servizos criterios de salubridade, ambientais e de seguridade e hixiene no traballo que estean marcados pola lexislación vixente.
11. É responsabilidade da empresa xestora da planta a seguridade dos usuarios alleos á mesma que accedan para o depósito de residuos.
12. Os servizos técnicos municipais do Concello do Barco poderán revisar, sempre que o consideren preciso e sen previo aviso, o estado das instalacións, rexistros de funcionamento e o cumprimento de tódalas normas vixentes aplicables.

ARTIGO 11. Horario

A empresa xestora determinará o horario de apertura da planta de compostaxe. Este horario será fixado en función das necesidades de funcionamento das instalacións e será comunicado á poboación.

A periodicidade de recollida dos residuos da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos serán recollidos nos centros produtores dos mesmos pola empresa xestora segundo necesidades do servizo.

TÍTULO III. OBRIGAS E PROHIBICIÓNS

ARTIGO 12. Taxa por entrega de biorresiduos

Particulares: non se establece unha taxa por entrega de residuos na planta de compostaxe.
Restos de xardinería de zonas verdes municipais: o servizo de xardinería do concello transportará este tipo de residuos ata a planta de compostaxe estando este servizo exento de taxa de entrada.

ARTIGO 13. Prohibicións dos depositantes de biorresiduos

Prohíbense os seguintes aspectos:

- Depositar residuos non procedentes nesta norma.
- Deposita-los biorresiduos mesturados con outros residuos.
- Depositar residuos fora do lugar especificado.
- Ocultar residuos de carácter perigoso mesturados.
- Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións.

TÍTULO IV. INFRACIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 14. Infraccións

Constitúen infracción administrativa en relación cas materias reguladas no presente Regulamento as seguintes:

Infraccións leves:

1. Depositar calquera outro tipo de residuo que non se atope establecido neste regulamento.
2. Depositar os residuos permitidos para o compost mesturado con outros residuos non permitidos.
3. Depositar residuos fora do lugar especificado ou determinado para tal uso.
4. Calquera infracción do establecido neste regulamento que non este tipificada como grave.

Infraccións graves:

1. Abandono de residuos de calquera tipo na porta das instalacións da planta.
2. Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso.
3. Impedimento do uso da planta por persoas con dereito a súa utilización.
4. Os actos de deterioro grave e relevante dos equipos, infraestruturas, instalacións ou elementos da planta.
5. A actuación de xeito contrario ó establecido neste regulamento, sen que supuxese un perigo grave ou un dano á saúde das persoas ou se provocase un dano ou un deterioro grave para o medio ambiente.
6. O abandono, vertido ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que puxese en perigo grave a saúde das persoas ou que produxese un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.

7. A obstrución da actividade de vixilancia, inspección e control do concello do Barco.

ARTIGO 15. Potestade sancionadora e Sancións

O exercicio da potestade sancionadora por parte do Concello do Barco de Valdeorras, requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente, de conformidade cas disposicións legais e regulamentarias.

As infraccións as que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposicións das seguintes sancións:

- Para infraccións leves: multa de 100 a 750 euros.
- Para infraccións graves: multa de 751 a 1.500 euros.

En todo caso, con independencia das sancións que puideran impoñerse, deberá o infractor restablecer a deficiencia ou a infracción ó seu estado orixinal e resarcirlos danos e perdas irrogados.

As sancións graduaranse atendendo a:

- Grado de intencionalidade
- Gravidade do dano producido
- Grado de malicia, participación e beneficio obtido
- Irreversibilidade do dano producido
- Categoría do recurso afectado
- Natureza do residuo
- Reincidencia
- Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais e bens

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ós quince días hábiles a partir da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* de Ourense.

4.- Criterios de contratación:

Con base no antedito, proponse os seguintes criterios para a elaboración dos PREGOS DA CONTRATACIÓN DA PLANTA:

Primeiro.- Obxecto e finalidade

O que se pretende é contrata-la explotación, a risco e ventura do licitador da explotación, mediante xestión indirecta, dunha planta municipal de compostaxe de residuos vexetais, por un prazo máximo de dez anos, momento no que estes bens inmoables reverterán ó Concello do Barco de Valdeorras en perfecto estado de uso e funcionamento e libres de cargas e gravames.

Segundo.- Requisitos mínimos

O licitador estará obrigado a facer un produto que teña consideración de compost, baixo o cumprimento da normativa específica en esta materia, como por exemplo: *Lei 22/2011, de 28 de xullo de 2011, de residuos e solo contaminados, Regulamento CE 1488/97 da comisión de 29 de xullo de 1997 do consello sobre a produción agrícola ecolóxica e as súas indicacións e Decreto 98/488/CE: decisión da comisión de 7 de abril de 1998 pola que se establecen os criterios ecolóxicos para as emendas do solo, e do BOE 131 de 2 de xuño de 1998, pola que se establecen os límites máximos legais para comercializar compost...* e ademais deberá asegura-la adaptación deste produto á evolución dos requisitos impostos pola normativa vixente e ás esixencias do mercado, existentes en cada momento durante os próximos 10 anos.

Asemade, deberá asegura-la recepción de residuos de poda e xardinería xerados nas labores de limpeza e mantemento de zonas públicas municipais e das particulares procedentes única e exclusivamente do termo municipal do Barco de Valdeorras. Dada a necesidade

doutro tipo de materia orgánica, asegurará tamén a recollida de biorresiduos procedentes da recollida selectiva (residuos orgánicos domiciliarios, de colexios, restaurantes...).

Para levar a cabo todas estes requisitos obrigatorios deberá asegurar o subministro dos medios materiais (colectores de proximidade, camiós de recollida, maquinaria de explotación...) e do persoal necesario, así como a ampliación ou a mellora das instalacións existentes que sexan necesarias para o correcto funcionamento e explotación desta planta de compostaxe. En relación á recollida de materia orgánica, que promova o licitador deberá levarse a cabo ou a través de medios propios ou alleos, non obstante recibirá puntuación o feito de que se realice a través dalgunha asociación de discapacitados local, ou mediante a contratación directa de persoas discapacitadas, cara a facilitar a súa integración laboral e social.

Asemade, o adxudicatario deberá asegurar a comercialización do produto xerado de tal maneira que garanta a suficiente rotación na planta, e non se empreguen as zonas de almacenamento estacional como zonas de almacenamento de stocks. Para elo debería presentar un plan de comercialización do produto final, o cal puntuarase en función da súa a calidade e dos resultados do estudo de custos e ingresos, que recolla dito plan.

Terceiro.- Tipo de licitación

O tipo de licitación será o correspondente ó **60 %** sobre o prezo actual de SOGAMA no momento da presentación das ofertas ó procedemento de contratación. Polo que o licitador ofertará por debaixo do tipo de licitación o prezo a recibir por parte do Concello das toneladas de materia orgánica que recolla selectivamente e en consecuencia retire do circuíto de residuos sólidos urbanos. O licitador presentará as liquidacións das pesadas de maneira trimestral, xustificando as toneladas recollidas mediante tickets procedentes da báscula.

Cuarto.- Criterios obxectivos de valoración para adxudicación

Ós efectos da adxudicación valorarase como un criterio obxectivo, a baixa sobre o valor tipo de licitación que presente cada un dos ofertantes sobre o prezo unitario que determinará a subvención que aportará o Concello. Concedéndolle a este criterio un valor máximo de 20 puntos, asinándolle a puntuación máxima ó licitador que oferte a maior baixa (en %) respecto ó prezo máximo de licitación e, a os demais, a puntuación que lle corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Puntuación = \frac{Baixa (en\%) do importe suvencionable ofertada \times 20 puntos}{maior baixa ofertada}$$

Quinto.- Criterios subxectivos de valoración para adxudicación

Os criterios que servirán de base de valoración para adxudicación deste contrato, serán de tipo técnico, educativos e melloras. Estes pondéranse en función da súa importancia, concedéndolle un máximo de 15 puntos, repartidos da seguinte maneira:

- **Criterios de tipo técnico:** Baixo estes criterios encadraríase a valoración por unha banda dunha memoria técnica e por outra banda das diferentes melloras que se oferten. Quedando distribuída a puntuación da seguinte maneira:
 - Valorarase de cero a nove puntos como máximo os contidos da **memoria técnica** que presenten, asignando a seguinte puntuación por cada un dos apartados que se mostran a continuación:
 - **Proxecto de explotación** (0-4 puntos): Este proxecto deberá incluír como mínimo os seguintes contidos:
 - ✓ Obxecto da explotación e conceptos xerais
 - ✓ Descrición da metodoloxía e proceso de compostaxe (descrición da materia prima, liña de procesado, rendementos de produción,

- calidade do produto obtido, cronograma de implantación do proceso, temporalización das diferentes etapas do proceso...)
- ✓ Descrición da tipoloxía segundo a orixe dos residuos, que se pretenden empregar no proceso de compostaxe: orgánicos de orixe domiciliario, procedente de colexios, bares, hospitales, residuos de podas e xardinería, forestal, lodos de depuradora...
 - ✓ Descrición e xustificación da tecnoloxía e maquinaria necesaria para a explotación desta planta de compostaxe: características técnicas da maquinaria de nova adquisición, función de cada máquina no proceso, consumos previstos, plan de mantemento e reparacións e garantía dos equipos.
 - ✓ Descrición e dedicación dos medios materiais e humanos que sexan necesarios incorporar para a explotación diaria do sistema proposto. Este deberán xustificarse con base nas cantidades que se pretenden xestionar e os tempos de operación previstos na explotación.
 - ✓ Descrición do sistema de control de pesadas e medios necesarios para a súa implantación (características técnicas da báscula de pesaxe, documento que recolla as pesadas, documentación acreditativa do correcto calibrado da maquinaria...)
 - ✓ Procedementos de aseguramento da calidade do compost obtido
- **Plan de comercialización** (0-1 punto): Este plan deberá incluír como mínimo os seguintes contido:
 - ✓ Balance de masas que recolla, en peso, as entradas de material fronte as saídas de produtos.
 - ✓ Estudo de custos da actividade: co que se pretende valora-los custos que vai xerar esta actividade, telos en conta para fixar prezos de venda ou determinar un prezo mínimo e por último analizar e controla-la rendibilidade da futura actividade.
 - ✓ Análise de viabilidade técnica, legal, comercial, económica-financieira e organizativa, que permita verifica-la viabilidade económica do proxecto. Incluirá un balance provisional que proporcione unha fotografía da situación económico-financieira do negocio no futuro. Estudo do proxecto de inversión con base no Valor Actual Neto (VAN) e a Taxa Interna de Retorno (TIR).
 - **Plan de integración social** (0-2 puntos)
 - ✓ Valorarase as diferentes propostas de integración social que se presenten: asignarase unha maior puntuación canto maior sexa a número de persoas discapacitadas físicas que se integran no proxecto. Puntuarase de tal maneira que a proposta que recolla o maior número de persoas discapacitadas físicas recibirá a maior puntuación 2 puntos e á inversa recibirá 0 puntos.
 - **Programa de vixilancia ambiental** (0-1 punto) que debe incluír, como mínimo:
 - ✓ Determinar posibles impactos que poidan xera-la actividade de produción de compost.
 - ✓ Determinar medidas preventivas, compensatorias y correctoras, que axuden a mitigar ou minimizar os impactos.
 - ✓ Incluír un plan de vixilancia ambiental, que recolla:
 - Medida correctora á que fai referencia
 - Indicadores de seguimento desa medida

- Método de control (frecuencia de medida, puntos de mostraxe fixos e sistemas de medición)
- Medidas de urxencia
- Formación necesaria por parte da persoa que realizará o control
- **Plan de seguridade e saúde** (0-0,5 puntos)
 - ✓ Elaborarase unha proposta na que se describan os principais riscos laborais asociados á explotación e as medidas de prevención correspondente.
- **Plan de emerxencias** (0-0,5 puntos)
 - ✓ Os licitadores deberán aportar un plan de prevención de incendios e outras emerxencias, que estableza o protocolo de actuacións a realizar fronte ás posibles situacións anómalas ou atípicas que poidan producirse na prestación deste servizo.
- **Melloras:** Baixo este criterio concederanse de 0 a 4 puntos, repartíndose da seguinte maneira:
 - Concederase de 0 a 2 puntos en función do número de melloras que se presenten, pero que a maiores o fin polo que se propón cada unha das melloras sexa necesario para poder realizar a explotación desta planta. De tal xeito, que realizárase unha proporción, dándolle dous puntos o maior número de melloras que sexan tecnicamente viables e necesarias para levar a cabo a explotación e cero puntos o que presente o menor número de melloras presentadas e necesarias para a explotación. Polo que a valoración das ofertas con un número de melloras intermedio obterase de facer a correspondente proporción, por exemplo: se catro melloras reciben un punto, e o ofertante presenta dúas melloras, recibirá unha puntuación de 0,5 puntos. É importante concretar que anularanse aquelas melloras que non se consideren necesarias para a explotación desta planta.
 - Asemade, concederáanse de 0-2 puntos a calidade técnica: por un lado, do proxecto construtivo no caso das melloras relativas a obras, e por outro da memoria técnica no caso de que as melloras se enfoquen a realización dunha actividade ou a adquisición dun ben ou inmovible.
 - ✓ **Proxecto construtivo** (0-1 punto): Os proxectos de execución deberán reunir tódolos documentos necesarios para a súa realización (memoria, planos, anexos, prego de prescricións ...) e estes sexan tecnicamente e legalmente correctos e viables para unha correcta execución das obras (a xuízo dos servizos técnicos municipais). Deberá incluí-la xustificación da necesidade de realizar esta obra para poder levar a cabo unha correcta e óptima explotación desta planta de compostaxe.
 - ✓ **Memoria técnica** (0-1 punto): Descrición da actividade que se propón como mellora, descrición das características do ben ou inmovible, garantías, xustificación da necesidade de realizar estas melloras para poder levar a cabo unha correcta e óptima explotación de esta planta.
- **Criterios de tipo educativo:** Assignase a estes criterios un valor máximo de dous puntos, repartidos da seguinte maneira:
 - **Criterio obxectivo** (0-1 punto): Valorarase, ata un punto como máximo á proposta que oferte o maior número de campañas de sensibilización

orientadas a diferentes sectores sensibles da poboación e sustentadas en criterios razoados e xustificados.

- **Criterio subxectivo** (0-1 punto): Neste criterio valorarase a calidade técnica das campañas de sensibilización propostas, ata un máximo de un punto. Esta valoración realizarase, previo informe dos servizos técnicos, atendendo os seguintes criterios:
 - Contidos das campañas de sensibilización (os contidos do programa educativo, ¿que é o que se quere dicir ou transmitir?)
 - Metodoloxía da posta en marcha das campañas (medios materiais e humanos, ¿como se vai a levar a cabo?)
 - Organigrama das actuacións (a programación)
 - Cualificación e experiencia do equipo profesional que desenrolará os traballos

O Barco de Valdeorras, 20 de febreiro de 2012

O Concelleiro de Medio Ambiente,
Sanidade e Educación

A Técnico de Medio Ambiente

Asdo.: Aurentino Alonso Araiño

Asdo.: Melina Rodríguez Fernández

A xefa do Negociado de
Calidade e Avaliación Ambiental

O enxeñeiro xefe do Servizo
de Augas e Medio Ambiente

Asdo.: María Sabas Álvarez

Asdo.: Javier Bobe Vázquez

3.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR, PARA A SÚA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA “ELABORACIÓN DE UN PLAN MUNICIPAL DE SEGURIDAD CIUDADANA”.-

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para dicir “outro dos temas que máis preocupa a todas as familias en xeral é o tema da seguridade cidadá, a seguridade cidadá a gran escala, evidentemente, podemos falar de terrorismo nacional e internacional, etc., pero tamén da seguridade que cada un ten no seu barrio, da seguridade das rúas polas que transita pois o maior tempo da súa vida. Creo que non mentimos para nada si decimos que no Barco, estean ou non estean os datos rexistrados ou haxan sido denunciados ou postos en coñecemento das forzas de seguridade, ultimamente, desde uns meses atrás, están aumentando as actividades delictivas e vemos como Comisión tras Comisión pasan os expedientes polos que se incoan sancións contra roturas e desperfectos en mobiliario urbano, eu creo que o de menos é si constan 500, 1.000, 2.000 ou 100 €, eu penso que o problema é o feito, o feito que se está producindo, eu podería citar distintas cousas, nós recibimos unha serie de queixas dalgúns

establecementos e de xente, concretamente da rúa Abdón Blanco, desperfectos que xurdiron na noite do Martes de Carnaval, e desperfectos que xurden nos fins de semana, como roturas de espellos retrovisores nos vehículos, rotura de máquinas en establecementos, desperfectos en escaparates, tamén podemos recordar aqueles desperfectos que xurdiron na ponte, na pasarela do Casco Vello hacia Viloira ou tamén no outro lado, no Salgueiral, etc., etc., que podemos citar, desde logo penso que cada un coñece perfectamente máis desperfectos que os que eu acabo de citar.

Nós pensamos que desde logo hai que poñerlle freno a esta cuestión e gustaríanos concitar neste caso pois evidentemente ademais da opinión dos partidos políticos e por suposto da acción do Grupo de Goberno, si gustaríanos que se fixese un plan de actuación concreto no que estuvesen representadas as entidades vamos a decir educativas, que teñen moito que facer, e volvemos a insistir nesa frase que eu poñía aquí, que citei, a labor de información, formación e sobre todo previr posibles delitos, porque penso que de nada vale despois aplicar a pena ou a sanción porque penso que a nosa responsabilidade é tratar de previr que se podan producir ese tipo de delitos; esto nós consideramos que é de vital importancia, tamén coñecemos, como non pode ser doutra forma, que se reúne a Junta Local de Seguridade, que se reúne, ten establecido, dúas veces ó ano, presididas ou copresididas polo Subdelegado do Goberno e polo Alcalde de O Barco, na que asisten representantes das diferentes forzas e corpos de seguridade do Estado, creo que tamén o Concelleiro responsable e tamén alguén (Alcalde senón rectificueme) alguén do Instituto da Muller, ou da Violencia da Muller, algo así me parece, e non sei si tamén alguén do Xulgado, da Fiscalía...por tanto nós sabemos que eso existe pero realmente non está tendo o efecto que nós pensamos que debería de ter. Polo tanto nós o que plantexamos é que a través de iniciativas políticas deste Concello poida facerse esa unidade de acción entre os representantes políticos e representantes de Forzas de Seguridade, tamén de voluntariado e desde logo tamén é moi importante a conveniencia que entren a xogar esta partida os centros educativos con esas labores de formación e información, estanse facendo, unha vez tamén dixemos que nos parecía ben, esas charlas de educación vial pero é educación vial e pensamos que hai que seguir insistindo nesa materia nos centros educativos e tamén veríamos importante a visión dos colectivos social que desde logo poden estar cercanos a esta realidade.

Polo tanto nós o que pedimos, tampouco sin concretar moito o Plan pero si gustaríanos que esa mesa de traballo se puidera reunir para facer o Plan Municipal de Seguridade Cidadana; un Plan que parta duns datos iniciais, un Plan que se marque uns obxectivos e un Plan que desde logo poida no tempo, a medio tempo ou a tempo máis lonxe, poida desde logo

